

Lexislación e funcións

ORIXES E MARCO LEXISLATIVO DA POLICÍA LOCAL

A aparición da Policía Local remóntase a épocas remotas nas que a noción de liberdade persoal, á que ten que servir á acción policial, só era pensable nas grandes cidades e non no resto do territorio.

Unha vez avanzado o tempo e situados xa no dereito contemporáneo, a nosa Constitución recoñece a existencia da policía local ao determinar que as comunidades autónomas poderán asumir competencias para “a coordinación e demais facultades en relación coas policía locais nos termos que estableza unha lei orgánica”.

A Lei orgánica 2/86, do 13 de marzo, de forzas e corpos de seguridade, dispón que as corporacións locais participarán no mantemento da seguridade pública nos termos establecidos na Lei reguladora de bases do réxime local e no marco desta lei, engadindo que os municipios poderán crear corpos de policía propios, de acordo co previsto na presente lei, na Lei reguladora de bases do réxime local e na lexislación autonómica, Lei 3/1992, do 23 de marzo, de coordinación de policía locais de Galicia.

De conformidade co disposto no seu artigo 52 e demais normativa aplicable, os corpos de policía local poden definirse como institutos armados de natureza civil con estrutura e organización xerarquizada que, baixo a superior autoridade e dependencia directa do alcalde e de xeito inmediato do xefe do corpo, ou, no seu caso, da autoridade gobernativa, xudicial ou do Ministerio Fiscal, desempeñan as súas funcións que, con carácter propio ou en colaboración coas demais forzas e corpos de seguridade, a lei lles atribúe.

FUNCIÓNS DA POLICÍA LOCAL

O artigo 53.1 da lei sinalada asigna ás policía locais as seguintes funcións:

- a) Protexer ás autoridades das corporacións locais e vixiar e custodiar os seus edificios e instalacións.
- b) Ordenar, sinalizar e dirixir o tráfico no casco urbano de acordo co establecido nas normas de circulación.
- c) Instruír atestados por accidentes de circulación no casco urbano.
- d) Policía administrativa, no relativo ás ordenanzas, bandos e demais disposicións municipais dentro do ámbito das súas competencias.
- e) Participar en funcións de policía xudicial, na forma establecida no artigo 29.2 da lei.
- f) A prestación de auxilio nos casos de accidente, catástrofe ou calamidade pública, participando da forma prevista nas leis na execución dos plans de Protección Civil.
- g) Efectuar dilixencias de prevención e cantas actuacións tendan a evitar a comisión de actos delitivos no marco de colaboración establecido nas xuntas de seguridade.
- h) Vixiar os espazos públicos e colaborar coas forzas e corpos de seguridade do Estado e coa policía da comunidade autónoma na protección de manifestacións e o mantemento da orde en grandes concentracións humanas, cando sexan requiridos para iso.
- i) Cooperar na resolución dos conflitos privados cando sexan requiridos para iso.

Coa actuación nestas funcións dáse cumprimento á finalidade da actuación policial, que non é outra que a de cooperar ao funcionamento da sociedade e contribuír ao benestar e á calidade de vida dos cidadáns e das cidadás mediante a súa prevención individual e colectiva, no exercicio dos seus dereitos e liberdades fronte a calquera tipo de ataque ou perigo.

A estas funcións han de engadirse as “asistenciais” comprensivas de todas aquelas nas que a Policía Local actúa como un servizo público de asistencia á cidadanía, á que auxilia, protexe e informa, funcións que aínda que pasan desapercibidas, absorben, porén, unha grande porcentaxe do tempo e dos medios da policía.

O ámbito territorial de actuación da Policía Local limítase ao territorio do termo municipal respectivo, salvo en situacións de emerxencia e a requirimento das autoridades competentes.

© Concello de Oleiros 2010